



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

SELECCION DE (3) PEÓNS FORESTAIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (Expdte. 2025/E001/000005).

INICIO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO. PROBA PRÁCTICA.PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS. CONVOCATORIA PROBA COÑECEMENTO LINGUA GALEGA.

En Ordes, a 24 de xuño de 2025, sendo as 09:00 horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello de Ordes, o Tribunal que ha de xulgar o proceso de SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (3) PEÓNS FORESTAIS, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (Expdte. 2025/E001/000005).

Asisten:

- **Presidenta:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
- **Vogal:**
 - Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.
- **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Funcionario da escala de administración xeral, subescala de xestión.

Non asisten:

- **Vogais:**
 - Alberto Rama Grela, Funcionario escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, oficial brigada Municipal de Obras.
 - José Antonio Vázquez Fraga, Funcionario escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, oficial brigada Municipal de Obras.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal e procédese a informar que non se presentou, no prazo establecido ó efecto, reclamación ou alegación algunha fronte ás puntuacións provisionais outorgadas ós aspirantes na proba práctica. Polo tanto acórdase que ditas puntuacións provisionais se eleven a definitivas co resultado seguinte:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACION TOTAL
CALVO BLANCO, DAMIAN	***0695**	9
CANDAL BESTILLEIRO, JESUS	***5421**	5
GOMEZ MARTIN, MIGUEL ANGEL	***5646**	3
GOMEZ SEOANE, JOSE ANTONIO	***0940**	10
IGLESIAS Balsa, JOSE ANTONIO	***5541**	3
LISTE OTERO, CAMILO	***5736**	8
SUÁREZ MORLAN MANUEL	***9951**	6



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

De conformidade ca Base 7ª (Inicio e Desenvolvemento do proceso selectivo) a puntuación máxima que se pode obter nesta proba é de 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non acaden á metade de dita puntuación máxima, é dicir, 5 puntos. Polo tanto, os aspirantes que superan esta primeira proba, ordenados de maior a menor puntuación, son os seguintes:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACION TOTAL
GOMEZ SEOANE, JOSE ANTONIO	***0940**	10
CALVO BLANCO, DAMIAN	***0695**	9
LISTE OTERO, CAMILO	***5736**	8
SUÁREZ MORLAN MANUEL	***9951**	6
CANDAL BESTILLEIRO, JESUS	***5421**	5

De acordo ca nomeada Base 7ª, os aspirantes que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente deberán superar unha proba eliminatoria de coñecemento da lingua galega, cuxa cualificación será de apto ou non apto, e que consistirá na tradución do castelán ao galego dun texto composto por un número máximo de dúascentas palabras nun tempo máximo de 30 minutos.

Examinada a documentación que acompaña ás solicitudes de participación no proceso selectivo compróbase que, de entre os que superaron a primeira proba, deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega, e convócanse a tal efecto para o día **24 de xuño de 2025 ás 10.00 horas na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello de Ordes**, ós seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	NIF
GOMEZ SEOANE, JOSE ANTONIO	***0940**
LISTE OTERO, CAMILO	***5736**
SUÁREZ MORLAN MANUEL	***9951**
CANDAL BESTILLEIRO, JESUS	***5421**

RECURSOS: Contra os presentes acordos do Tribunal de Selección poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso ou exercerse calquera outra acción que se estime convinte.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a correspondente acta e que sexa publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ordes, sendo as 09:15 horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta,
Pilar Rey Rodís

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío